



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE IMPULSO E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE ENERXÍAS RENOVABLES E DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO PARQUE EÓLICO EXPERIMENTAL SOTAVENTO

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº 5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de director deste, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 235/2012, do 5 de decembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte _____, en calidade de xerente e apoderado da Fundación Sotavento Galicia, domiciliada en Momán-Xermade (Lugo) e con CIF:G-27323864 ao abeiro das facultades que lle foron conferidas polo padroado da Fundación de data 25 de xuño de 2009, segundo o poder notarial outorgado o 10 de xullo de 2009 polo notario de Santiago de Compostela Don José A. Cortizo Nieto, co nº 1433 do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo e entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos neutros campos sinérxicos, de acorde coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".



Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- Que a Fundación Sotavento Galicia é unha fundación de interese galego que ten entre os seus fins fundacionais a promoción, divulgación, formación, fomento e debate de todos os aspectos relacionados coas enerxías renovables, así como a promoción e realización de proxectos, estudos e outras actuacións de investigación e experimentación relacionados coa enerxía eólica en particular e coas enerxías renovables en xeral; fomentar e divulgar a importancia do aforro e a eficiencia enerxética para conseguir un desenvolvemento sostible, promover, divulgar e fomentar actuacións que vinculen o desenvolvemento enerxético á protección do medio ambiente, así como calquera outro tipo de actuación que implique unha mellora na optimización e implantación das enerxías renovables en xeral, e da eólica en particular.

Sotavento Galicia S. A. patrón único da Fundación Sotavento Galicia, está participada por dúas entidades públicas: Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE), e catro empresas privadas en representación do sector eléctrico de Galicia.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega e a Fundación Sotavento Galicia para a realización de actividades coa finalidade de impulsar e divulgar as enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética, así como difundir o carácter experimental e de demostración con que están concibidas as instalacións do Parque Eólico Experimental Sotavento, para a divulgación deste tipo de tecnoloxías entre a colectividade.

As actuacións a desenvolver e o orzamento destinado ás mesmas ven recollido no anexo.

Segunda. Compromisos da Fundación Sotavento

a. Promover e fomentar a utilización destas instalacións entre profesionais relacionados coas enerxías renovables e co aforro e eficiencia como centro de educación e de asesoramento.

b. Realizar funcións educativas-divulgativas, en materia de enerxías renovables e aforro enerxético, ante os colectivos que visiten o parque: charlas, diferentes



actividades prácticas como transformar a enerxía do sol en eléctrica a través de unha placa fotovoltaica, experimentar con unha turbina hidráulica, de vento, etc.

- c. Incorporar de xeito continuado novos contidos e actividades divulgativas.
- d. Realizar publicacións, obradoiros, paneis, maquetas e materiais audiovisuais sobre temas enerxéticos e medio ambientais: aforro de enerxía no fogar, consumo oculto de electrodomésticos, o vento e a enerxía eólica...
- e. Asesoramento ó Inega en relación coa divulgación de contidos ou materiais no ámbito das enerxías renovables e do aforro e eficiencia enerxética.
- f. Poñer a disposición do Inega as instalacións da Fundación e as actuacións do Parque Eólico Experimental Sotavento para eventos, xornadas ou seminarios nas que lle sexan necesarias.
- g. Calquera outra función que se realice e que resulte da mutua conveniencia por razón do obxecto do convenio.

Terceira.- Compromisos do Inega

- a. Facilitar e xestionar a implicación dos diferentes axentes sociais nas actuacións que se realicen no Parque Eólico Experimental Sotavento.
- b. Ter en conta as estatísticas e informes divulgativos que se realicen pola Fundación Sotavento Galicia para a elaboración de estratexias de actuación futuras no ámbito da divulgación das enerxías renovables e do aforro e eficiencia enerxética.
- c. Realizar no Parque eventos, xornadas, ou seminarios en materia de enerxías renovables e aforro e eficiencia enerxética.
- d. Achegar 20.000 € para o financiamento das actuacións.

Cuarta.- Contía da achega

O Inega achegará a cantidade de 20.000 €, para financiar as actuacións que se deriven das actividades educativas e divulgativas as que fai referencia a cláusula primeira deste convenio, antes do 31 de decembro de 2017.

Quinta.- Dispoñibilidade orzamentaria

Nos orzamentos do Inega para o ano 2017 existe dispoñibilidade económica axeitada e suficiente para facer fronte ao acordo económico establecido neste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 09.A2.733A.641.1 do seu orzamento de gastos para o ano 2017.

Sexta. Xustificación e pagamento

- 1. O Inega fará efectiva a cantidade que lle corresponda a Fundación Sotavento Galicia, mediante transferencias bancarias á conta indicada previa presentación



dun informe final xustificación en forma e prazo das actuacións e a súa comprobación por parte dos técnicos do Inega.

2. A xustificación consistirá nunha certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi subscrito o presente convenio acompañada das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalentes con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

3 A Fundación Sotavento Galicia achegará unha certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta bancaria, da Fundación Sotavento Galicia onde debe realizarse o pagamento, na que conste: IBAN, ordinal bancario, código do banco, código de sucursal e código de conta corrente.

Sétima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, a súa vixencia rematará o 31 de outubro de 2017.

Non se contempla a posibilidade de prórroga da vixencia do convenio.

Oitava. Contratación

Para o desenvolvemento das actuacións a Fundación Sotavento Galicia efectuará as contratacións precisas.

Novena. Comisión de seguimento

Para o seguimento e cumprimento do presente convenio, designarase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante do Inega e outro da Fundación Sotavento Galicia e que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha e necesidades dos proxectos e actuacións que se aborden.

Sen prexuízo das funcións da comisión de seguimento, as eventuais controversias que poidan xurdir, serán de competencia e de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décimo. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- a. Incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas
- b. Transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo



c. A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación. Neste suposto, unha vez comprobada a adecuada xustificación, serán abonados os gastos efectivamente realizados para o desenvolvemento da actividade obxecto do convenio.

d. Acordo mutuo das partes

Décimo Primeira. Protección de datos

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 15/1999, de 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolve.

A tal efecto as partes comprométese a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente acordo, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información acerca deles.

Cada parte responderá dos incumprimentos da normativa de protección de datos de carácter persoal nos que incorra.

Os titulares dos datos poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose por escrito ao Instituto Enerxético de Galicia, con enderezo na rúa Avelino Pousa Antelo, 5 CP 15707, Santiago de Compostela, A Coruña.

Cando o cumprimento do obxecto do presente convenio de colaboración, faga necesario que as partes se comuniquen datos de carácter persoal de terceiros, aquelas deberán obter previamente o consentimento do interesado.

Décimo Segunda.- Publicidade

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios, e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude do disposto no parágrafo anterior a Fundación Sotavento Galicia consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

Décimo Terceira. Natureza e réxime xurídico

Correspóndelle ó Inega ostentar as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fora do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público ; sen prexuízo da



aplicación dos principios e criterios da devandita Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentar.

O presente convenio rexeráse polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e con particulares; polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio de colaboración en duplicado exemplar, no lugar e data indicado ao comezo.

O DIRECTOR DO INEGA

**O XERENTE DA FUNDACIÓN
SOTAVENTO GALICIA**



ANEXO

BREVE MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO

GASTOS CORRENTES

ORZAMENTO XERAL DE GASTOS

Actuacións divulgativas e formativas a realizar (4 meses): Ditas actividades consisten en organizar cos colectivos que visitan as instalacións un percorrido polas diversas instalacións e salas habilitadas para iso cos diferentes colectivos que visitan o parque eólico, adecuando a mensaxe aos coñecementos dos visitantes (educación primaria, ESO, BAC, Universidades, colectivos técnicos, colectivos non técnicos, etc). Visitas moi interactivas nas que se fai un percorrido ordenado polo mundo da enerxía, en especial no relacionado coas enerxías renovables e o aforro enerxético. Nestas visitas faise unha visita moi didáctica á vivenda bioclimática demostrativa que ten a fundación no parque eólico experimental Sotavento.		20.000 €
Custo dos educadores para levar a cabo as actuacións formativas divulgativas: educadores con cualificación adecuada e especializados en divulgar temas enerxéticos, con ampla experiencia en divulgar este tipo de contidos entre os diferentes colectivos (técnicos e non técnicos)	18.000 €	
Maquetas e panelaría: faranse maquetas sobre o funcionamento dunha central hidroeléctrica, unha sobre enerxía fotovoltaica e outra sobre solar térmica. Faranse paneis didácticos sobre o funcionamento de instalacións enerxéticas renovables.	500 €	
Gastos xerais (mantemento instalacións, material divulgativo, papelaría, gastos xerais, etc)	1.500 €	